

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP AMOR RUIBAL
MATERIA: GLOBALIZADA
CURSO: 5º de Educación Primaria
DATA: 04-05-2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.....	2
2. Avaliación e cualificación.....	3
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	4
4. Información e publicidade.....	6

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Dedicar un tempo semanal para a lectura voluntaria de diferentes textos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisión.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación dos resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñecer e utilizar materiais, técnicas e códigos diversos que se utilizan nas producións artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Representa formas naturais e artificiais con diferentes formas, cores, texturas e materiais.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Análise das producións presentadas a través de correo electrónico e EDIXGAL.
	Instrumentos: Registro de observación cos ítems: moi axeitado, axeitado e pouco axeitado. Valores: MA = 1; A = 0,5; PA = 0
Cualificación final	A media das avaliacións 1ª e 2ª, cos aportes en positivo da 3ª.
Alumnado de materia pendente	A avaliación do alumnado con materia pendente farase atendendo aos resultados das anteriores avaliacións. Considerando que esta avaliación só pode repercutir positivamente, valorarase se acadou os mínimos para superar a materia pendente ou precisa dun Plan de Reforzo/Adaptación Curricular.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

- **Proxecto: “ As máxicas persoas do noso concello ”** (continuación)
 - **Xustificación.** Consiste na continuación do proxecto iniciado no segundo trimestre, pero incorporando actividades de reforzo, recuperación e ampliación.
 - **Temporalización:** 13 ao 29 de abril.
 - **Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis:** incluídos na segunda avaliación na programación do CEIP Amor Ruibal.
 - **Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (ACNEAE).** Co fin de dar resposta á diversidade do alumnado, estableceranse comunicacións constantes coas familias e poranse a súa disposición os recursos tanto materiais como humanos a través de EDIXGAL/ correo electrónico. O alumnado NEAE conta a maiores coas actividades elaboradas polo Departamento de Orientación nos grupos pechados dentro da Aula Virtual.

- **Proxecto: “Barro a través do tempo”**
 - **Xustificación.** Co fin de continuar co proxecto anual de “Desde Barro para o mundo” propónse desde a titoría un proxecto de carácter competencial e interdisciplinario. Para iso, tomarase como pretexto os bens patrimoniais do concello no que sitúa o centro.
 - **Temporalización:** 30 de abril ao 14 de xuño
 - 30 de abril ao 7 de xuño: coñecemento da historia de Barro a través de construcións e restos arqueolóxicos de diferentes etapas da historia presentes na contorna próxima.
 - 8 ao 14 de xuño: proposta de futuro para o concello.
 - **Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis,** teranse en conta as adaptacións realizadas neste documento en base ao establecido na programación de quinto curso do CEIP Amor Ruibal (baseada no establecido polo *DECRETO 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*).
 - **Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (ACNEAE).** Co fin de dar resposta á diversidade do alumnado, estableceranse comunicacións constantes coas familias e poranse a súa disposición os recursos tanto materiais como humanos a través de EDIXGAL/ correo electrónico. O alumnado NEAE conta a maiores coas actividades elaboradas polo Departamento de Orientación nos grupos pechados dentro da Aula Virtual.

- **Actividades de peche do curso:** 15 ao 18 de xuño

- **Pequenos retos semanais** de escritura, busca de información, cálculo e resolución de problemas.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía basearase na mediación na construción das propias aprendizaxes e na participación activa do alumnado. Con todo, débense ter en conta as seguintes situacións:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Alta conectividade: enviaranse as tarefas a través de EDIXGAL. 2. Baixa conectividade: combinarase EDIXGAL e o correo electrónico. 3. Escasa conectividade/ sen conectividade: enviarase o material impreso a través do servizo do Concello de Barro.
Materiais e recursos	<p>Materiais: EDIXGAL e propostas de actividades interactivas elaboradas polo profesorado ou seleccionadas dos bancos de recursos. Estas propostas serán revisadas semanalmente e o alumnado poderá ver as correccións en EDIXGAL/correo electrónico.</p> <p>Humanos: titora da aula, profesorado especialista e profesorado de apoio (PT, AL e ARCO).</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none">• Alta conectividade: mensaxería a través de EDIXGAL e ABALAR.• Baixa conectividade: mensaxería a través de EDIXGAL e ABALAR.• Escasa conectividade/ ausencia de comunicacións: chamada telefónica.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.